



ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE AULA DE ACOLLIDA

PUBLICACIÓN

✓ BOPPO __

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do TR 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, este concello procede ao establecemento e regulación dun prezo público pola prestación do servizo de Plan madrugado do concello de Oia.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten a inclusión no programa denominado Aula de Acollida para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, dirixido ós nenos/as matriculados no C.E.I.P. Mestre Manuel García de Santa María de Oia, que consiste na prestación do servizo de recepción de neno/as nas horas previas ao inicio da xornada escolar propiamente dita.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO

Son obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, os pais, titores ou titulares da patria potestade dos nenos/as, que estando matriculados no C.E.I.P. sexan voluntariamente incluídos no programa (aportarase libro de familia, autos ou sentencias xudiciais, segundo proceda; en caso de custodia compartida esixirase autorización dos dous proxenitores).

ARTIGO 4.- CONTÍA

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a seguinte:
 - * Cota mensual polo servizo de Aula de Acollida con almorzo: 30,00 euros.
 - * Cota mensual polo servizo de Aula de Acollida sen almorzo: 25,00 euros.
2. No caso de utilización puntual do servizo en días soltos, as tarifas serán as seguintes:
 - * Cota diaria polo servizo de Aula de Acollida con almorzo: 2,50 €/día.



* Cota diaria polo servizo de Aula de Acollida sen almorzo: 2,00 €/día.

3. A utilización ocasional quedará supeditada á existencia de prazas suficientes.

ARTIGO 5.- BONIFICACIÓNS

1. Establécese unha bonificación do 20% da cota mensual do servizo en caso de ter dous usuarios do servizo na mesma unidade familiar.
2. Establécese unha bonificación do 40% da cota mensual do servizo en caso de ter tres usuarios do servizo na mesma unidade familiar.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento en que se inicia a prestación do servizo.
2. Os pais/titores interesados neste servizo deberán presentar a correspondente solicitude no período disposto para a matriculación, que permanecerá aberto ata cubrir as prazas previstas, por rigoroso orde de entrada no rexistro municipal do concello de Oia.
En caso de quedar solicitantes sen praza, formarán unha lista de espera, por orde de entrada no rexistro, de maneira que, de producirse vacantes durante o curso escolar, estas irán cubríndose pola orde da lista de espera.
3. Os usuarios (tanto se son matriculados para desfrute mensual do servizo, como se solicitan o servizo nun día puntual) deberán facilitar un número de conta bancaria e autorizar a domiciliación bancaria da cota mensual/ diaria, que practicará a tesourería municipal, nos primeiros 10 días de cada mes, polo tanto, a mes vencido.
4. A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no mes seguinte. Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden algún recibo, sen prexuízo do cobro dos mesmos pola vía de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza non fiscal de prezo público será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos inmediatamente da súa publicación, ata a súa derogación ou modificación.



CONCELLO DE OIA

Dilixencia: póñoa eu, secretaria, para facer constar que a presente ordenanza non fiscal reguladora do prezo público da Aula de Acollida, foi aprobada en sesión plenaria extraordinaria do día 30.12.2016.

En Oia, a 30 de decembro de 2016. A Secretaria-interventora

María Cabodevila Ros

*Asdo dixitalmente á marxe.